

| | |
|---------------------------------------|------------|
| U.DIDÁCTICA 5º: PROBLEMAS ARITMÉTICOS | FICHA Nº 1 |
| NOME: | Curso: |

1ª) Calcula:

a) O 12% de 500=

b) O 110% de 2980=

c) O 8,5% de 250=

d) O 10% de 2980=

2ª) Nun pantano había 340 hl de auga. Este verán diminuíu un 43%. ¿Canta auga queda no pantano?

3ª) As accións de certa compañía que cotiza na Bolsa valían a principios deste ano 7,85 €, pero agora valen 17,87 €. ¿Que porcentaxe de subida experimentaron as accións?

4ª) Nunhas rebaixas nas que se fai o 30% de desconto, Álvaro mercou un reloxo por 49 €. ¿Cál era o seu prezo inicial?

5ª) Un comerciante pouco honesto, antes de anunciar unhas “rebaixas do 25%”, aumenta o 25% o prezo de referencia dos artigos. ¿Cál será o verdadeiro desconto dun abrigo que inicialmente custaba 100 €?

6ª) Dous albaneis cobran 340 € por un traballo realizado conxuntamente. Se o primeiro traballou tres xornadas e media e o segundo cinco xornadas, ¿cánto cobrará cada un?

7ª) Nunha bodega mestúranse 6 hl de viño de alta calidade que custa a 300 € o hectolitro, con 10hl de viño de calidade inferior a 220 €/hl. ¿A como sae o litro de viño resultante?

8ª) Un autobús sae de A a 105 Km/h. Simultaneamente de B sae un coche a 120 Km/h. A distancia entre A e B é de 300 Km.

- a) ¿Qué distancia percorre cada un ata que se cruzan?
- b) ¿Cánto tempo tardan en cruzarse?